



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA  
AXENCIA TRIBUTARIA

## NOTA DE PRENSA

### **A APARICIÓN DUNS NÁUFRAGOS A BORDO DUNHA PLANADORA , SUPOSTAMENTE UTILIZADA PARA TRANSPORTE DE DROGAS, VOLVE A POÑER DE ACTUALIDADE A DESPROTECCIÓN DA COSTA GALEGA EN MATERIA DE VIXILANCIA ANTINARCOTRÁFEGO**

Dende o verán de 2007 ata hoxe as costas de Galicia están sendo tomadas polos narcotraficantes e as súas potentes planadoras, sen que se tomen as medidas oportunas para evitalo por parte dos responsables do Servicio de Vixilancia Aduaneira. Son moitas as ocasións nas que as planadoras son protagonistas nas páxinas de sucesos para poder dicir que se trata de casos illados: en xuño de 2007 aparecía abandonada tras unha persecución por funcionarios do S.V.A. unha planadora de 17 metros de eslora, con cinco potentes motores de 300 cabalos cada un, nas inmediacións do porto do Freixo, Muros. En novembro unha planadoras semirixidas e con 2 motores de 250 cabalos foi abandonada nunha praia do Cabo Udra, en Bueu, con 96 fardos de cocaína, e unha segunda de similares características varou cerca de Porto Meloxo, O Grove. Tamén aparece unha planadora fundida fronte as costas de Baiona, en febreiro do 2008 aparece unha planadora queimada na praia de Espiñeiro da Illa de Arousa, con tres motores de 300 cabalos cada un, en agosto do 2008 na praia da Lanzada vara unha das mais potentes planadoras usada para o transporte de droga, con unha eslora de 18 metros e seis potentes motores, tras tirar o mar a cocaína que transportaba...

Dende Decembro do 2005 a Xaneiro do 2006 confiscáronse por funcionarios de Vixilancia Aduaneira cinco embarcacións dedicadas ao transporte de estupefacientes. Dende a Sección Sindical da CIG en Aduanas queremos salientar as actuacións do SVA en Galicia ao longo do ano 2008:

**Operación “ JOB “** Branqueo de capitais, 6 persoas detidas cinco de Vilagarcía e unha en Cambados, bens branqueados, compra de fincas, construción de un chalet, vehículos de luxo, baixos comerciais, etc., Total valor operación :871.209,86€

**Operación “ CEPA “** Detidas 6 persoas, intervención de bens, prohibición de dispoñer sobre 4 inmobles, 2 en Cambados e 2 en Vilagarcía, e 5 automóviles..

**Operación “ MALPOLÓN “.** Detidos 13, diñeiro intervido.700.130,75€, Saldos bloqueados en contas en España 772.308,59€; Saldo bloqueado total en Portugal 5.830.000,€ ; Valoración das obras de arte intervidas 259.900,€ ; Valoración xoias e outros artigos 466.240,92€, Inversións en inmobles, aprox. 13.000.000,€.

**Operación Pesqueiro San Miguel.** 4.500 Kg de Cocaína, valor da droga incautada moi superior os 200 millóns de euros, 17 detidos.

**Operación “ MUSA “** na ría de Pontevedra. 3.500 Kg de Cocaína incautados, 25 detidos en tres fases ; 1 planadora e 2 pesqueiros intervidos.

**Operación “ AMANDA “** contedor con 360 Kg de cocaína en Marín.

**Operación “ SACRE “** 3.800 Kg de Resina de axís, tres detidos, 1 veleiro incautado, a droga alcanzaría no mercado un valor de 17 millóns de euros

A todas estas operacións engadimos tamén que en xullo de 2008 apprehendéronse un iate e un pesqueiro con mais de 3000 kg de cocaína que probablemente se ían descargar en Galicia

Toda esta actividade delinciente demostra claramente que Galicia sigue a ser un dos lugares preferidos polos narcos para as súas operacións, en contra do que opinan os dirixentes de Vixilancia Aduaneira en Madrid que prefiren destinar medios materiais e humanos a outros lugares deixando as nosas costas desprotexidas, algo que os contrabandistas de droga agradecen. Nestes intres as bases de Ribadeo e Muros contan con embarcacións moi antigas, a base de Marín traballa ao 50% das súas posibilidades, a de Vilagarcía conta cunha embarcación demasiado trillada e sometida a dobre esforzo pola falta de outra embarcación. As horas de patrulla son escasas por falta de persoal e para aforrar en horas extra, hai días que non se sae ao mar para aforrar combustible, etc.,

Dende a **Confederación Intersindical Galega ( CIG )** levamos anos denunciando esta falta de medios e non podemos entender que intereses poden existir para que unha zona tan utilizada por narcotraficantes para as súas descargas e transporte de droga a outros lugares de Europa estea tan abandonada de medios. Vai sendo hora que a nova Directora de Vixilancia Aduaneira deixe de escoitar os cantos de serea dos funcionarios acomodados en despachos de Madrid, ignorantes absolutos da realidade das costas galegas, e tome as decisións oportunas dotando ás Bases de Galicia dos medios necesarios para poder afrontar cun mínimo de garantías a loita contra o narcotráfico tal como demanda a Sociedade.

Galicia 7 de xaneiro de 2008